



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre a problemática actual do urbanismo en Galicia. A disciplina urbanística

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2013
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Por circunstancias alleas á nosa vontade, vémonos obrigados a trasladar o lugar de realización destas xornadas á seguinte ubicación: SALÓN DE ACTOS DO PAZO DA CULTURA, Rúa Alexandre Bóveda S/N Pontevedra. Os horarios non sufriron variación.

A finalidade destas xornadas é, principalmente, afondar naqueles aspectos prácticos e controvertidos que suscita a aplicación da normativa urbanística vixente no eido da disciplina urbanística, aplicación que implica unha extraordinaria transcendencia social, económica e ambiental, especialmente na nosa Comunidade Autónoma.

DESTINATARIOS

Funcionarios das diferentes Administracións públicas que asuman funcións no eido da disciplina urbanística; preferentemente, funcionarios da Administración local con habilitación de carácter estatal; empregados públicos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e funcionarios das subescalas técnica e de xestión de Administración xeral dos concellos; xuíces, fiscais, avogados e docentes ou investigadores universitarios nesta materia; funcionarios con competencias técnicas neste campo: arquitectos, arquitectos técnicos e enxeñeiros; interesados en xeral.

PROGRAMA

14 de marzo de 2013

15,45 h. Inauguración

16,00 h A licenza urbanística: Actos sometidos: o artigo 195.5 bis da LOUGA. Relacións coas licenzas de apertura. Incidencia da Lei 8/2012 da Vivenda de Galicia e do RD Lei 19/2012 (hoxe Lei 12/2012). Os distintos réximes aplicables ao SNR.

Aspectos destacables da ruína e ordes de execución. Inspección técnica da edificación: incidencia do RDL 8/2011.

17,30 h. Descanso

18,00 h. Inspección urbanística. Importancia da acción inspectora: aspectos de especial relevancia e contido das actas. Determinación do uso das edificacións. Apertura indebida de camiños e parcelacións ilegais. Procedencia da autorización xudicial previa.

Normativa aplicable e principios inspiradores da acción administrativa en materia de disciplina. En especial, a súa dimensión temporal

19,30 h. Mesa redonda

15 de marzo de 2013

10,00 h. Reposición da legalidade. Peculiaridades procedementais. Límites e efectividade das medidas preventivas. Caducidade da acción de reposición, cómputo (obras, parcelacións...) e aplicación. Proba. A execución, multas coercitivas. A demolición por non legalización en prazo: proporcionalidade. A situación de fóra de ordenación. En SR, competencias e situación das edificacións respecto das que tivese transcorrido o prazo para o exercicio da acción de reposición

11,30 h. Descanso

12,00 h. As normas de aplicación directa: En especial, o artigo 104 LOUGA.

A execución das sentenzas en materia de reposición da legalidade Urbanística. Incidentes de execución/inexecución. Límites ás legalizacións posteriores. Prazo de caducidade. Lexitimados para instala. Os terceiros adquirentes de boa fe. As disposicións adicionais 6ª e 7ª da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia

13,30 h. Mesa redonda

16,00 h. Expedientes sancionadores. Especialidades procedementais. Principios, en especial a tipificación legal e proporcionalidade. Prescrición das infraccións, cómputo e aplicación.

Disciplina Urbanística e Rexistro da Propiedade. Incidencia do RDL 8/2011.

A acción pública. Ámbito e peculiaridades

17,30 h. Descanso

18,00 h. As competencias en Disciplina Urbanística da Comunidade Autónoma: directas, por subrogación legal e por atribución municipal. A APLU

19,30 h. Mesa redonda

20,00 h. Clausura

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Aforo do local

3. DATOS EDICIÓNS

PONTEVEDRA1

LOCALIDADE: Pontevedra

INICIO / FIN: 14/03/2013 a 15/03/2013

NUM. PRAZAS: 350

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Salón de Actos do Pazo da Cultura. Rúa Alexandre Bóveda, s/n.